



RESPONSABLE DO TRATAMENTO

Concello de Arbo

BASE XURÍDICA

Artigo 6. 1. c) RXPDP. O tratamento é necesario para o cumprimento dunha obriga legal aplicable ao responsable do tratamento:

Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos). Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

FINS DO TRATAMENTO

Xestión de consultas, reclamacións, queixas e suxerencias formuladas ao Delegado de Protección de Datos, tanto dos afectados como da autoridade de control.

COLECTIVO

Cidadáns e residentes, representantes legais, cargos ou empregados públicos.

CATEGORÍAS DE DATOS

Datos de categoría especial: Saúde, ideoloxía ou opinión políticas, afiliación sindical, relixión, convicións relixiosas ou filosóficas, orixe racial ou étnico, biométricos, xenéticos, vida, orientación sexual, vítima de violencia de xénero.

Datos de infraccións: Natureza penal e administrativa.

Carácter identificativo: Nome e apelidos, NIF, número da seguridade social, tarxeta sanitaria, enderezo (postal ou electrónico), teléfono (fixo ou móbil), firma, sinatura electrónica.

Características persoais: Datos do estado civil, idade, datos de familia, sexo, data de nacemento, nacionalidade, lugar de nacemento.

Circunstancias sociais: Características do aloxamento, vivenda, situación militar, propiedades, posesións, pertenza a clubs, asociacións, licenzas, permisos e autorizacións.

Académicos e profesionais: Formación, titulacións, historial de estudante, experiencia profesional, pertenza a colexios ou asociacións profesionais.

Detalles do emprego: Corpo/escala, categoría/grao, postos de traballo, datos non económicos de nómina, historial do traballador.

Datos de información comercial: Actividades e negocios, creación artísticas, literarias, científicas ou técnicas, licenzas comerciais, suscripcións a publicacións.

Datos económico-financeiros e de seguros: Ingresos, rendas, investimentos, bens patrimoniais, créditos, préstamos, avais, datos bancarios, plans de pensións, xubilación, datos económicos de nómina, datos deducións impositivas/impostas, seguros, hipotecas, subsidios, beneficios, historial de créditos, tarxetas de crédito.

Datos de transaccións: Bens e servizos fornecidos polo afectado, bens e servizos recibidos polo afectado, transaccións financeiras, compensacións e indemnizacións.

CATEGORÍAS DE DESTINATARIOS

Administracións públicas, Autoridades de Control en Protección de Datos, Defensor do Pobo e Órganos xudiciais.

TRANSFERENCIAS INTERNACIONAIS

Non están previstas transferencias internacionais.

PRAZO SUPRESIÓN

Conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade para a que se solicitaron e para determinar as posibles responsabilidades que se puidesen derivar da devandita finalidade e do tratamento dos datos.

MEDIDAS DE SEGURIDADE

As medidas de seguridade implantadas correspóndense coas previstas no Esquema Nacional de Seguridade.